

BASES DE INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO URBANO AUDIOVISUAL

1 INFORMACIÓN XERAL

O Campamento Urbano Audiovisual terá lugar do 14 ao 29 de xullo, de luns a venres no horario de 10.00 a 14.00 h no Pazo de Rianxiño.

2 DESTINATARIOS/AS

Mozos e mozas nadas entre os os anos 2004 e 2009.

Terán preferencia as persoas empadroadas no termo municipal de Rianxo.

O número máximo de prazas é de 15.

3 INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición faranse a través da web municipal (<https://concelloderianxo.gal>) ou de forma presencial no departamento de Xuventude no Auditorio de Rianxo.

O prazo de solicitude é ata o 12 de xullo, se ben, no caso de non cubrirse as prazas, seguiranse admitindo solicitudes posteriormente.

4 SELECCIÓN

Por adxudicación directa: se ao remate do prazo de inscrición non se cubriron todas as prazas, todas as solicitudes serán admitidas, e as solicitudes seguintes adxudicaranse directamente por orde de solicitude.

Por sorteo: se o número de solicitudes supera o número de prazas, procederase a sortear as prazas e á creación dunha listaxe de agarda por medios electrónicos nun sorteo público.

Para este sorteo terán preferencia a mocidade empadroada no Concello de Rianxo.

5 LISTAXE DE ADMISIÓN

A listaxe de admisión, que terá carácter definitivo, publicarase a partir do 13 de xullo na páxina web municipal.

6 RÉXIME DE ASISTENCIA

A non asistencia xustificada ao inicio da actividade resultará na suspensión da participación na actividade e na perda da praza, que será ofertada á seguinte persoa na listaxe de agarda.